



Rotulosgalicia

Viernes 27 de Julio de 2012

Galicia España



Confidencial

NoticiasVigo

Inicio Comunicación Economía Empleo Ferias Gente noTICias Portugal Puertos Salud Sociedad Vinoticias


CORUÑA SANTIAGO FERROL LUGO OURENSE PONTEVEDRA VIGO

Envío de titulares

Agregar a favoritos

Recomienda esta Página

| Baiona | A Guarda | O Rosal



Investigadores norteamericanos e vigueses estudan xuntos os efectos do cambio climático nos bivalvos

0

Compartir



noticiasgalicia.- En Galicia traballárase principalmente con ameixas comerciais fina, babosa e xapónica- a través de experimentos de campo e laboratorio nos que se analizará as súas taxas de crecemento e o seu comportamento en diferentes condicións ambientais e ante cambios fortes de temperatura e salinidade, pero o proxecto vai moito máis alá.

Os traballos forman parte dun estudo internacional financiado pola axencia estadounidense NASA -National Aeronautics and Space Administration- e a NSF National Science Foundation- no que se estudan os efectos do cambio climático en

invertebrados mariños, incluíndo especies de interese comercial como os bivalvos. Con motivo destes traballos visitaron Vigo os investigadores da University of South Carolina (Columbia, South Carolina, EEUU) David Wethey, responsable principal do proxecto, e Sarah Woodin.

O seu parceiro en Galicia é o grupo de investigación da profesora da Facultade de Ciencias do Mar, Elsa Vázquez, con quen estaban en contacto "de xeito máis informal", subliña Vázquez, desde hai uns anos. Aproveitando a visita asinou un convenio de colaboración entre ambas universidades polo cal o investigador Gonzalo Macho Rivero, contratado pola Universidade de South Carolina como investigador de posdoctoramento desde o pasado ano, volverá a traballar no que ata o 2011 era o seu grupo de investigación "xa que eu sempre traballei coa profesora Vázquez, que dirixiu tanto a miña tesina como a tese", subliña Macho. Agora o seu traballo consistirá en realizar a parte experimental do proxecto na Estación das Ciencias Mariñas de Toralla, ECIMAT, e en diversos bancos marisqueiros, como os da confraría de Redondela.

O obxectivo: poder predicir os cambios

Os traballos prolongaranse ata o ano 2015 e para entón o obxectivo é saber que especies de ameixas se van adaptar mellor a un cambio climático no que se agardan temperaturas máis extremas, con invernos moito máis fríos e veráns máis cálidos, choivas máis concentradas, períodos de seca máis prolongados... No desenvolvemento deste proxecto recompilarase información histórica recollida polos satélites, datos oceanográficos (temperatura, salinidade...), biolóxicos (éxito reprodutivo, mortalidade...) e outros procedentes das capturas pesqueiras que serán utilizados para validar os modelos bioxeográficos, fisiolóxicos e biofísicos.

"Desta maneira poderase probar a fiabilidade para poder, a continuación, predicir futuros impactos debidos ao cambio climático na fisioloxía e ecoloxía de especies claves do ecosistema como son os bivalvos", subliñou a catedrática Elsa Vázquez, directora tamén da Área de Docencia e Captación de Talento do Campus do Mar . Desta maneira intentarase predicir os límites bioxeográficos de distribución no futuro, "é dicir, se se van mover cara o norte ou o sur, a zonas máis frías, máis cálidas...", así como avaliar cuantitativamente cambios nos patróns de distribución, abundancia, produtividade ou crecemento das especies e ecosistemas.

Colaboración necesaria e frutífera

Esta colaboración supón para ambas partes "innumerables beneficios", subliña na súa visita ao campus David Wethey, ao tempo que explica que para eles resulta "vital" para poder levar a cabo os experimentos contar con estes contactos locais, en referencia tanto aos investigadores como as confrarías e os diferentes organismos de xestión pesqueira. Nesta liña contactouse con Sira Pereira da Asistencia Técnica da Confraría de Redondela para realizar experimentos de crecemento coas ameixas. "A confraría amosou desde o principio o seu interese neste tipo de traballos e colaboracións coas institucións de investigación xa que permiten xuntar o coñecemento local dos mariscadores coas metodoloxías científicas para comprender mellor o comportamento destas especies e achegar solucións ao sector", explicou Gonzalo Macho. Doutra banda para o grupo da profesora Elsa Vázquez este traballo xunto daralle acceso a toda unha serie de instrumental para medir o comportamento dos organismos "do que ata este intre non dispoñiamos", subliña Macho. Entre estes "aparells" destaca os empregados para medir o ritmo cardíaco de organismos que se sedimentan, como é o caso das ameixas, e tamén todo o que se refire á realización de modelos matemáticos cos que se intenta comprender como se comporta un animal "para así poder chegar a predicir o que pode acontecerlle no futuro".

A 2 personas les gusta esto.



Agrega un comentario...

Comentar con...

Plug-in social de Facebook

canal islas
atlánticas

canal vinos

canal inmobiliario

canal viajar

canal empleo

canal pueblos

canal golf

canal museos

canal directorio

canal empresas



©Publicidad & noticiasdegalicia S.L.

Todos los derechos reservados. - E-mail: info@noticiasgalicia.com Optimizada para 1024 x 768 pixels.

[Aviso legal](#) | [Departamento Publicidad](#) | [Tarifas Publicidad](#)

